



Concello de Vigo

**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 8 de XUÑO de 2023 (1457/1102)**

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D^a Elena Espinosa Mangana
D. Abel Losada Álvarez
D. Jaime Aneiros Pereira
D^a Yolanda Aguiar Castro
D^a Patricia Rodríguez Calviño

NON ASISTEN:

D^a M^a Carmen Silva Rego
D. Francisco Javier Pardo Espiñeira
D^a M^a José Caride Estévez
D. Carlos López Font

Na Casa do Concello de Vigo, ás catorce horas do día oito de xuño de dous mil vinte e tres e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria concelleira, Sra. Aguiar Castro, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Está tamén presente por invitación, a secretaria de Goberno local, Sra. Gallardo Fariña.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(453).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA.

A Xunta de Goberno local ratifica a urxencia da sesión.

Antes do tratamento dos asuntos para a súa aprobación, pola Secretaría do Goberno Local recóllese declaración expresa dos membros da Xunta de Goberno Local presentes na sesión de non incorrer en posible conflito de intereses, nos termos establecidos no modelo aprobado para a Xunta de Goberno Local por Resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 24.02.2021, e de conformidade co Plan de Integridade na Contratación, aprobado pola Xunta de Goberno Local en data 12.12.2020, e o seu Desenvolvemento Operativo aprobado por resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 17.12.2019.

**2(454).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DO PROXECTO DENOMINADO
“CENTRO DE CAPACITACIÓN DIXITAL” DE VIGO E SOLICITUDE DE
SUBVENCIÓN NO MARCO DO PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN**

E RESILIENCIA, FINANCIADO POLA UNIÓN EUROPEA, NEXT GENERATION EU. EXPTE. 20093/77.

Visto o informe de fiscalización do 06/06/2023, dáse conta informe-proposta de data 05/06/2023, asinado pola xefa do Servizo de Desenvolvemento Local e pola concelleira-delegada de Emprego, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

I. Con data de 03 de maio de 2023 publícase no BOE a Orde EFP/440/2023, do 24 de abril, pola que se establecen as bases reguladoras e realízase a convocatoria para o ano 2023, para a creación dunha rede estatal de Centros de Capacitación Dixital en entidades locais, no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, financiado pola Unión Europea, Next Generation EU.

II. As dimensións básicas da axuda son:

- O obxecto desta convocatoria 2023 é a creación dunha rede estatal de centros de capacitación dixital, no ámbito do Sistema de Formación Profesional, en entidades locais, que se integrará como parte da rede estatal de centros de capacitación dixital.
- As subvencións que se concedan ao amparo desta convocatoria terán como finalidade a posta en marcha dun tipo particular de aulas e accións formativas vinculadas á capacitación dixital da cidadanía.
- O Concello de Vigo deberá cumprir os seguintes requisitos específicos:
 - Dispoñer dun espazo físico adecuado e accesible, ben identificado, con equipamento informático conectado a rede da internet para ser usado para as actuacións previstas ou con posibilidade de implementarse.
 - Capacidade para seleccionar, contratar e/ou dotar dun profesional cos coñecementos técnicos necesarios para poder realizar as funcións e actuacións que se describen no artigo 9 da citada orde.
- O beneficiario poderá subcontratar ata o 100% do proxecto, de acordo co establecido no artigo 29 da Lei 38/2003, do 17 de novembro.
- Entenderanse como gastos subvencionables os indubidadamente asociados ao funcionamento do centro de capacitación dixital:
 - Gastos de adaptación, conectividade e equipamento do novo centro de capacitación dixital creado.
 - Gastos dirixidos á formación da cidadanía a través da acción formativa prevista, incluíndo todos os custos indubidadamente vinculados á formación, tales como gastos organizativos, gastos directos que puidesen xerarse como consecuencia da programación, difusión, implementación, seguimento, avaliación e certificación das actividades formativas, gastos de persoal formador, gastos para o alugueiro de infraestruturas físicas ou telemáticas, e outros gastos asociados.
 - Gastos asociados ao acompañamento para a avaliación e acreditación das competencias profesionais adquiridas pola experiencia laboral, e vías non formais de formación dos traballadores:
- Só entenderase que é obxecto de subvención o gasto ocasionado pola persoa que reamata a totalidade da acción formativa. Para aquelas persoas rexistradas na acción



Concello de Vigo

formativa, pero que non a rematan, considerarase como gasto subvencionable o 15% do módulo aplicable.

- As características das accións obxecto de subvención e destinadas á capacitación dixital da cidadanía serán as seguintes:
 - a) Asignación dun espazo formativo que adquirirá a condición de centro de capacitación dixital.
 - b) Contratación, designación ou asignación dun profesional ou de varios profesionais para realizar as funcións e actuacións descritas no artigo 9 da Orde EFP/440/2023.
 - c) Organización e impartición da formación conducente á capacitación dixital prevista no anexo II (se corresponde aos contidos dunha unidade de competencia do Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais). Trátase dun programa de 30 horas lectivas de duración, que poderán impartirse de maneira presencial, a distancia ou en modalidade mixta e percorrerá 5 competencias transversais nun nivel de dominio básico:
 - AF 0. Tecnoloxías Habilitadoras Digitales - 2 horas - Autoestudio.
 - AF 1. Información y alfabetización digital - 6 horas.
 - AF 2. Comunicación y colaboración online - 6 horas.
 - AF 3. Creación de contenidos digitales - 6 horas.
 - AF 4. Seguridad en la red - 6 horas.
 - AF 5. Resolución de problemas - 6 horas.
- O prazo de execución das actuacións descritas no apartado anterior será dun ano natural a partir do momento da formalización da resolución da subvención.
- A contía das axudas non poderá exceder de 24.500,00€ (vinte e catro mil cincocentos euros) por entidade beneficiaria. Dita axuda destinarase á capacitación dixital dun mínimo de 100 persoas a través da acción formativa descrita no anexo II da Orde EFP/440/2023.
- O pago da subvención realizarase con carácter anticipado polo 100 % da axuda concedida, tramitándose de oficio polo órgano instrutor, tras a notificación da concesión da subvención.
- No referido ás obrigas de comunicación, a actuación subvencionada seralle de aplicación o establecido no artigo 9, da Orde HFP/1030/2021, do 29 de setembro, pola que se configura o sistema de xestión do PRTR, en particular
- O prazo para a presentación de solicitudes será de 25 días hábiles, a contar desde o día seguinte ao da publicación do extracto desta Orde no «Boletín Oficial do Estado», 3 de maio de 2023.
- O prazo de execución das actuacións será dun ano natural a partir do momento da formalización da resolución da subvención.

III. A convocatoria do Ministerio de Educación e Formación Profesional, Orde EFP/440/2023 publicada no BOE do 03 de maio, que financia a creación de aulas informáticas (dunha rede) pode servir claramente para solucionar dúas eivas nos servizos de emprego ofertados dende o Concello de Vigo, xa que:

- Recentemente a Concellaría de Emprego acometeu obras de reforma nos seus locais sites en Arquitecto Pérez Bellas para habilitar un aula TIC. A día de hoxe xa conta coas

conexións necesarias, con mesas e cadeiras, pero aínda sen o equipamento específico (equipos informáticos) para impartir formación TICS.

- A subvención que se menciona (artigo 3), permitiría equipala para impartir formación TICS (conexión a Internet, ordenadores portátiles, proxector, etc).
- Dende o servizo de orientación detectouse que moitos usuarios non teñen as competencias e/ou as ferramentas necesarias para unha busca de emprego aproveitando as TICS.
 - A subvención permitiría formar ao longo dos próximos 12 meses a un mínimo de 100 persoas en competencias transversais TIC.
 - Asemade, o propio persoal permanente da Concellería de Emprego xa destinado nos locais de Arquitecto Pérez Bellas, podería aproveitar a aula xa equipada para impartir formación e asesoramento sobre o uso das TICS na busca de emprego, de xeito paralelo e mais alá da duración do proxecto.
 - Por último, a aula xa equipada podería permitir que aquelas persoas usuarias da oficina de orientación sen equipamento informático e/ou sen acceso a Internet nos seus propios fogares, poidese acceder individualmente, cando non houberse formación, ás instalacións para poder aproveitar as ferramentas informáticas de acceso ao emprego (cada día máis necesarias, case que imprescindibles).

Polo dito, a solicitude da subvención mencionada resulta non só oportuna senón tamén necesaria para contar cun recurso específico que responda ás demandas das persoas en busca de emprego na nosa contorna dixital.

IV. En data 22/05/2021 a Tenente de alcalde e Concelleira delegada da Área de Economía, Fondos Europeos, Patrimonio e Emprego asinou a orde de inicio de expediente para tramitar a solicitude de axuda da convocatoria segundo a Orde EFP/440/2023, do 24 de abril.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

I. En canto á competencia para actividade de fomento de emprego - que a Xunta de Goberno Local no seu acordo de data 9 de marzo de 2012 considerou que constitúe unha actividade prioritaria dentro desta Administración municipal en canto ao seu persoal beneficiario, e no marco de contextos económicos e sociais desfavorables - a Comunidade Autónoma de Galicia aprobou a Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, que establece no seu artigo 3.3.d), a propósito das competencias distintas das propias e das atribuídas por delegación, que non se entenderá como exercicio de novas competencias a concorrencia a convocatorias de subvencións ou axudas, así como a formalización de convenios de colaboración de concesión de subvencións, para que as entidades locais realicen con carácter conxuntural actividades de información, de asesoramento, de orientación, de mellora da empregabilidade e formativas e máis outras actividades que non supoñan a creación de novos servizos municipais de acordo co artigo 297 da Lei 5/1997. Tampouco se entenderá como exercicio de novas competencias a realización das actividades citadas unha vez obtida a subvención, e no seu artigo 3.3.b), que non considera, entre outras, aos efectos do art. 7.4 LBRL, como exercicio de novas competencias, a continuidade da actividade de fomento xa establecida en exercicios anteriores.

II. O procedemento de concesión tramitarase, de conformidade cos artigos 22.1 e 23.2 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, en réxime de concorrencia competitiva, e iniciárase de oficio mediante convocatoria pública. O procedemento de concesión atenderá ao establecido na Lei



Concello de Vigo

38/2003, do 17 de novembro e ao seu Regulamento aprobado polo Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, coas características que establecen estas bases reguladoras.

III. O expediente ten por obxecto solicitar unha axuda áo Ministerio de educación e formación. Dita solicitude dirixirase á Secretaría Xeral de Formación Profesional e será presentada e asinada dixitalmente polo representante legal da entidade.

IV. Contra o presente acordo, que esgota a vía administrativa, cabe a interposición de recurso de reposición ante o órgano que o dita no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos, contados a partir do día seguinte á recepción da notificación do acordo, de conformidade cos art. 123 e 124 da Lei 39/2015, de LPAC e 8.1 e 46.1 da Lei 29/98, RXCA. Porén, interposto o recurso de reposición non caberá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar a resolución.

Por todo o anteriormente exposto, de acordo co informe de fiscalización da Intervención Xeral Municipal e segundo as instrucións da Tenente de alcalde e Concelleira delegada da Área de Economía, Fondos Europeos, Patrimonio e Emprego, nos termos das delegacións competenciais efectuadas mediante Decreto de Alcaldía 17 de agosto de 2020 e acordo de Xunta de Goberno Local do 18 de agosto de 2020 e, posteriores modificacións, elévase á Xunta de Goberno Local a adopción da seguinte

PROPOSTA DE ACORDO

1. Aprobar o proxecto denominado “Centro de Capacitación Dixital” de Vigo, elaborado polo Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego do Concello de Vigo, por importe de 24.500 €, para dotar ás instalacións do Centro de Iniciativas de Emprego, sito na rúa Arquitecto Pérez Bellas cun aula informática plenamente operativa para 15 alumnos/as e para formar a un mínimo de 100 cidadáns en competencias transversais TICs.
2. Solicitar dito proxecto ao amparo da Orde EFP/440/2023, do 24 de abril, pola que se establecen as bases reguladoras e realízase a convocatoria para o ano 2023, para a creación dunha rede estatal de Centros de Capacitación Dixital en entidades locais, no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, financiado pola Unión Europea, Next Generation EU.
3. Delegar na Tenente de alcalde e Concelleira delegada da Área de Economía, Fondos Europeos, Patrimonio e Emprego a representación do Concello na tramitación e xestión da convocatoria de “Centros de Capacitación Digital en entidades locais”

Contra o presente acordo, que esgota a vía administrativa, cabe a interposición de recurso de reposición ante o órgano que o dita no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos, contados a partir do día seguinte á recepción da notificación do acordo, de conformidade cos art. 123 e 124 da Lei 39/2015, de LPAC e 8.1 e 46.1 da Lei 29/98, RXCA. Porén, interposto o recurso de reposición non caberá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar a resolución.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. Presidente rematou a sesión ás catorce horas e dez minutos. Como secretaria dou fe.

SGF/me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,
Yolanda Aguiar Castro.

O ALCALDE
Abel Caballero Álvarez